Carlos López García-Picos

2009

Música nas marxes do Prata e do Mandeo

1922

Betanzos
Lugar: Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Liceo
Datas: dende o 19 ao 29 de outubro

Santiago
Lugar: Claustro alto do Colexio de Fonseca
Datas: dende o 15 ao 25 de novembro

Organiza

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Concello de Betanzos

XUNTA DE GALICIA

Colabora

MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

orga nistrum grupo de investigación

I+D+I: Galicia-América: música civil, ideología e identidades culturales a través del Atlántico (1800-1950). Ref: PID2020-115496RB-I00/AEI/10.13039/501100011033

EXPOSICIÓN

Carlos López García-Picos (1922-2009)
Música nas marxes do Prata e do Mandeo

Comisarios
Javier Ares Espiño
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno

EXPOSICIÓN

Título
Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo

Datas e lugares
Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Liceo (Betanzos): 19 de outubro ao 29 de outubro
Claustro alto do Colexio de Fonseca (Santiago): 15 de novembro ao 25 de novembro

Comisarios
Javier Ares Espiño
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno

Deseño
Alberto R. Rodríguez Pérez, Campus na Nube

Orixe das pezas
Arquivo persoal de Teresa López Ares
Arquivo Municipal de Betanzos

Organiza
Universidade de Santiago de Compostela, Concello de Betanzos e Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Colabora
Grupo Organistrum da USC e I+D+i "Galicia-América: Música civil, ideología e identidades culturales a través del Atlántico (1800-1950)" (PID2020-115496RB-I00I) AEI/10.13039/501100011033

Foto da portada: Carlos López García-Picos con 62 anos, Arquivo Municipal de Betanzos
Foto da contraportada: Carlos López García-Picos, debuxo por Luís Seoane, Fundación Luís Seoane

Depósito Legal: C 1841-2022

AGRADECEMENTOS

Concello de Betanzos
Universidade de Santiago de Compostela
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia
Arquivo Municipal de Betanzos
Fundación Luís Seoane
Real Filharmonía de Galicia
Orquestra Sinfónica de Galicia
Editorial Ouvirmos
Editorial Espiral Maior
Radio Galega
I+D+i "Galicia-América: Música civil, ideología e identidades culturales a través del Atlántico (1800-1950)"
Grupo Organistrum

Teresa López Ares
Anxo Manuel Lorenzo Suárez
María Barral Varela
Ana Belén Veiga Pita
Daniel Loza Martínez
Ángel Arcay Barral
Francisco Javier Garbayo Montabes
Carlos Villanueva Abelairas
Pablo Sampedro Magán
Eloy Blanco Posada
Maximino Zumalave
Zoar Ensemble
Jorge Briones Martínez
Asterio Leiva Piñeiro
Alejo Amoedo Portela

De esquerda a dereita:

-Carlos con 15 anos, Arquivo Municipal de Betanzos.

-Carlos en París, ca. 1959, Arquivo Municipal de Betanzos.

-Xunto ao compositor Fito Mindlín, París 1959, Arquivo Municipal de Betanzos.

-Coro Os Rumorosos do Centro Betanzos de Bos Aires, ca. 1962, Arquivo persoal de Teresa López.

-Carlos López García-Picos xunto á súa filla, Teresa, ca. 1984. Arquivo persoal de Teresa López.

CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS
BETANZOS
(1922-1940)

Carlos con un requinto nas súas mans, Betanzos, 1930, Arquivo Municipal de Betanzos.

Carlos López García-Picos naceu en Betanzos (A Coruña) o 19 de outubro de 1922 no lugar da Madalena nº22, sendo o terceiro dos sete fillos de Manuela García Velón e José Antonio López Picos. O seu pai era membro da Banda Municipal de Betanzos e foi o responsable dos seus inicios musicais. Posteriormente, Carlos ingresou tamén na Banda Municipal de Betanzos, onde proseguiu os seus estudos co director da mesma, Víctor Pariente Herrejón.

José Antonio López Picos –de quen toma o segundo apelido co que firmará as súas composicións dende 1988– exiliouse en Arxentina tralo comezo da Guerra Civil e en sucesivas viaxes trasladáronse os demais membros da familia ata reunirse todos en Bos Aires. Carlos chegou o 2 de marzo de 1940 á capital porteña e comezou a que el mesmo definía como "segunda etapa da súa vida".

MATERIAIS MESA EXPOSITORA 1

BETANZOS
(1922-1940)

Libro de familia e acta de nacemento de Carlos López García-Picos, Arquivo persoal de Teresa López.

Retrato de Carlos López García-Picos, ca. 1940, Arquivo persoal de Teresa López.

Familia López García en Betanzos, ca. 1933, Arquivo Municipal de Betanzos.

A Banda Municipal de Betanzos en 1930, Arquivo Municipal de Betanzos.

Carlos de neno cos seus irmáns, ca. 1928, Arquivo Municipal de Betanzos.

Partitura de *Rondó caprichoso, A. 50* (Betanzos, 1988). Dedicatoria: a mi primer maestro Víctor Pariente Herrejón, Arquivo Municipal de Betanzos.

CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS

BOS AIRES

1ª ETAPA (1940-1957) - 2ª ETAPA (1964-1984)

García-Picos dirixindo o coro do Centro Galego de Bos Aires no Teatro Castelao, 1977, Arquivo persoal de Teresa López.

Nos seus primeiros anos en Arxentina realizou distintos traballos, participou en diversas orquestras de baile e tocou durante varios anos no Conxunto de Gaitas de Dámaso Gómez. En 1944 entrou a formar parte do coro Os rumorosos do Centro Betanzos de Bos Aires, que dirixía o mestre José Corallini. Logo pasou a dirixilo el mesmo, desde o ano 1947 ata o ano 1978. Xunto co mestre Isidro B. Maiztegui tamén foi fundador dun coro do Centro Galego de Bos Aires.

Nos anos 50 iniciou estudos de composición con Jacobo Ficher. En 1956 estreou no Teatro Colón de Bos Aires, e baixo a dirección de Mauricio Kagel, o ballet *La farsa de la búsqueda, A. 16*. O éxito desta estrea valeulle a obtención dunha bolsa da Embaixada de Francia en Bos Aires que lle permitiu embarcarse rumbo a París, onde continuou a súa formación musical. Tamén é necesario facer un apuntamento sobre a súa vida persoal, xa que durante esta etapa nace a súa filla Teresa, froito do seu matrimonio con Susana Ares.

En 1964 regresou a Arxentina e integrouse na "Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina", na que ocupou varios cargos de xestión. A través desta asociación realizou un bo número de estreas das súas creacións, entre as que destaca a de *Sindy, A. 31*, no ano 1976, no Teatro Colón e pola Orquestra Filarmónica de Bos Aires dirixida por Mario Benzecry. Esta obra foi elixida para representar a Arxentina nos Encontros de Música Contemporánea da UNESCO.

MATERIAIS MESA EXPOSITORA 2

BOS AIRES

1ª ETAPA (1940-1957) - 2ª ETAPA (1964-1984)

García-Picos como integrante dunha murga, ca. 1942, Arquivo persoal de Teresa López.

Programa de man da estrea de *La farsa de la búsqueda, A. 16,* (Bos Aires, 1956), Arquivo persoal de Teresa López.

Partitura de *Lume-ca. Sinfonía festiva para orquesta sinfónica, A. 41* (Bos Aires, 1981), Arquivo Municipal de Betanzos.

As lentes do compositor, Arquivo persoal de Teresa López.

García-Picos como director do coro Rosalía de Castro, Arquivo persoal de Teresa López.

Programa de man da estrea de *Sindy, A. 31* (Bos Aires, 1976), Arquivo persoal de Teresa López.

CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS
PARÍS
(1957-1964)

Carlos López García-Picos en París, 1964, Arquivo persoal de Teresa López.

A bolsa recibida para continuar os seus estudos en París non alcanzou para pagar a pasaxe da viaxe inicial, polo que Eduardo Blanco Amor organizou unha colecta para axudalo, tal e como recordaba anos despois:

> Foi precisamente Seoane quen me animou dicíndome que de ningunha maneira debía perder esa bolsa, e que me axudaría co importe da pasaxe. Sei que falou con algunhas persoas deste problema e, a partir de aí, poida que fose Blanco Amor quen máis se interesou do tema.

Finalmente Carlos chegou a París no ano 1957, residindo alí ata o ano 1959 para volver de novo no ano 1963. Recibiu clases de composición de Tony Aubin e Darius Milhaud no Conservatorio Nacional de París e, simultaneamente, estudou orquestración con Pierre Wissmer e dirección de orquestra con Léon Barzin na Scholla Cantorum. Tamén participou nun taller musical no que compositores como Olivier Messiaen, Henri Dutilleux, Florent Schmitt ou André Jolivet falaban das súas obras cun reducido grupo alumnos.

Durante a súa estancia reorganizou e dirixiu o coro Alborada da Casa de Galicia de París e realizou estreas dalgunhas das súas obras. Paralelamente, viuse na obriga de buscar diversos traballos para asegurar a súa subsistencia, pero a pesar das dificultades foi esta unha etapa que marcou profundamente toda a súa traxectoria artística.

MATERIAIS MESA EXPOSITORA 3

PARÍS
(1957-1964)

Reprodución das actas de cualificacións de García-Picos na Schola Cantorum, Arquivo da Schola Cantorum Paris.

Reprodución do grupo de cartas de García-Picos a Jacobo Ficher, Music Division, Library of Congress, Washington D. C.

As pipas que usaba o compositor nesta etapa, Arquivo persoal de Teresa López.

"París año 57 con los compañeros argentinos compositores", Arquivo persoal de Teresa López.

Libreta con anotacións de García-Picos sobre grafía contemporánea, Arquivo persoal de Teresa López.

Foto de García-Picos dirixindo o Coro Alborada da Casa de Galicia París, ca. 1963, Arquivo persoal de Teresa López.

CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS

CONEXIÓNS A TRAVÉS DO ATLÁNTICO

Carlos xunto a outros compositores en Arxentina, 1973, Arquivo persoal de Teresa López.

En O Castro, Sada, 1993. En segunda fila Luísa Villalta Gómez (1º), Carlos (2º) e Isaac Díaz Pardo (6º), Arquivo Municipal de Betanzos.

O seu traballo incesante dirixindo diversos coros da colectividade galega de Bos Aires propiciou o contacto coas grandes personalidades do galeguismo bonaerense: Castelao, Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor, Lorenzo Varela, Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo, Ramón de Valenzuela, Luís Seoane ou Laxeiro.

No ecosistema musical da capital arxentina tamén atopou un lugar ao lado de figuras como Jacobo Ficher, Lorenzo Serrallach, Raúl Schemper, Adolfo Mindlín, Norma Lado, Emilio Tejeda, Mauricio Kagel, Alfredo Niestra, José Corallini ou Isidro B. Maiztegui.

A súa estancia en París permitiulle coñecer e recibir ensinanzas de Pierre Wissmer, Darius Milhaud, Tony Aubin, Léon Barzin, Olivier Messiaen, Henri Dutilleux, Florent Schmitt ou André Jolivet.

Xa retornado en Galicia forxou amizades como as que mantivo co banqueiro Javier Etcheverría, a poetisa Luísa Villalta, o director Maximino Zumalave, o escritor Xesús Alonso Montero, o violinista Florian Vlashi ou co gravador Jesús Núñez.

MATERIAIS MESA EXPOSITORA 4

CONEXIÓNS A TRAVÉS DO ATLÁNTICO

Reprodución da carta de Felipe Pérez Roque (Consello de Estado da República de Cuba) a Carlos López García-Picos, 26 de febreiro de 1997, Arquivo persoal de Teresa López.

En primeiro plano Igor Stravinsky, en segundo plano e á esquerda, Carlos López García-Picos. No Teatro Colón de Bos Aires.

Partitura de *Bocetos sonoros, A. 105* (Betanzos, 2000). Obra adicada a Isaac Díaz Pardo, Arquivo Municipal de Betanzos.

Partitura de *Canto elegíaco, A. 73* (Betanzos, 1993). "Homenaje Póstumo a Eduardo Blanco Amor", Arquivo Municipal de Betanzos.

Artigo de Xosé Neira Vilas sobre Carlos López García-Picos, publicado no Faro de Vigo, 10 de outubro de 1993, Arquivo persoal de Teresa López.

Reprodución da carta de Pierre Wissmer a Carlos López García-Picos ,19 de xaneiro de1978, Arquivo persoal de Teresa López.

CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS
RETORNO A GALICIA
(1984-2009)

Foto dos membros fundadores da Asociación Galega de Compositores. En pé e de esquerda a dereita: Paulino Pereiro, Xavier de Paz, Juan Vara, Juan Durán e Manuel Mosquera. Sentados: Jorge Berdullas del Río e Carlos López García-Picos. Foto de Juan Rodríguez, A Coruña.

O 11 de maio de 1984 Carlos regresou definitivamente a Galicia. Ese mesmo mes publícase un artigo na revista do Centro Galego de Bos Aires onde se explica que "parte a Galicia para abocarse de maneira total á súa vocación e paixón de sempre, a composición musical".

En Galicia entrou en contacto con varios novos compositores galegos, xunto aos que fundou en xuño de 1987 a Asociación Galega de Compositores, da que foi presidente desde a súa fundación ata o 2001, ano no que pasaría a ser nomeado socio de honra. Así mesmo, tamén foi membro da xunta directiva da "Confederación Española de Asociaciones de Compositores Sinfónicos", creada no ano 1992.

Entre as diversas estreas que tiveron lugar nesta época destacan as de *Fantasía Ecolóxica, A. 81* en 1995 e *Concierto para trompeta y orquesta, A. 89* en 1999, ambas a cargo da Orquestra Sinfónica de Galicia. Esta última etapa foi a máis prolífica dende o punto de vista compositivo: dúas terceiras partes do seu catálogo foron creadas neses últimos anos en Betanzos.

Carlos López García-Picos faleceu o 23 de decembro de 2009 en Oleiros (A Coruña).

MATERIAIS MESA EXPOSITORA 5

RETORNO A GALICIA
(1984-2009)

Partitura do *Concierto para piano-fagot, cuerdas y percusión, A. 106* (Betanzos, 2001). Obra adicada a Xesús Alonso Montero, Arquivo Municipal de Betanzos.

Programa do Congreso Iberoamericano de Compositores, Valencia, 1992, Arquivo persoal de Teresa López.

Diversos programas de man de concertos onde se interpretou música de García-Picos, Arquivo persoal de Teresa López.

Estrea do *Concierto para trompeta y orquesta, A. 89*, a cargo da Orquestra Sinfónica de Galicia. O compositor aparece saudando ao solista, John Aigi Hurn, 1999, Arquivo persoal de Teresa López.

Programas de man dos ciclos de concertos da Asociación Galega de Compositores, Arquivo persoal de Teresa López.

Homenaxe a García-Picos realizado por Javier Etcheverría e un grupo de amigos, Arquivo persoal de Teresa López.

A Carlos López

A música pode ser a explicación das estrelas
en baile magnético polas tebras do espanto,
as tebras vestidas de seda e anseios
secretamente aniñados na nosa matéria.
Explicar, como explican as fontes
o torrente que move as entrañas do tempo,
modulando-se en sulcos, en carnes e terras
dun non-ser necesário que nos vive por dentro.
Estamos sen alma. Nada mais admeter
esa perda, como quen denúncia un roubo,
concede-nos o don de ser prosaicos:
Todo ven dunha célula que se deriva
e vai musicalmente cara a unha cadéncia rota.
Despois, todo seguirá, pero será outra cousa.

Luísa Villalta

Ruído, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 1995

Luísa Villalta e Carlos López García-Picos en Redes (A Coruña).



Audios

Imaxe de Audios: Fragmento de *Sindy, A. 31* (páx. 14) de Carlos López García-Picos.

Biografía

Imaxe da biografía do compositor: Ares Espiño, Javier. *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Concello de Betanzos, Universidad de Santiago de Compostela, 2016.

Carlos López García-Picos

2009

1922

Música nas marxes do Prata e do Mandeo

Organiza

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Concello de Betanzos

XUNTA DE GALICIA

Colabora

MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

organistrum grupo de investigación

I+D+i: Galicia-América: música civil, ideología e identidades culturales a través del Atlántico (1800-1950). Ref: PID2020-11549RB-I00VAEI/10.13039/501100011033